



VI FORO DE CAPACITACIÓN SOBRE POBREZA, EXCLUSIÓN SOCIAL, TERCEIRO SECTOR E VOLUNTARIADO
Creceamento inclusivo, emprego digno e loita contra a pobreza
Dende cando ter emprego garante sair da pobreza?

Facultade de Económicas e Empresariais USC
Santiago de Compostela, 30 de Novembro de 2016

O VI Foro pretende continuar o traballo comezado nas anteriores edicións e contribuír á capacitación das persoas asistentes en aspectos relacionados coa inclusión activa e o acceso a recursos de calidade, ademais de visibilizar á realidade da desigualdade, a pobreza e a exclusión social en Galicia e a importancia que o Terceiro Sector e o voluntariado teñen na implantación de políticas de inclusión social activa.

Partindo das conclusións e demandas dos Encontros de Participación de persoas en risco de pobreza ou exclusión, este VI Foro pretende profundar na relación entre as políticas de emprego e inclusión social, os retos na formación, orientación, emprego con apoio e inclusión, analizar as políticas en materia de emprego no plano Europeo, Estatal e autonómico, ver o impacto que teñen para persoas en situación de exclusión e a urxencia de asegurar coordinación entre e dentro das administracións e co terceiro sector. Sempre favorecendo o debate en positivo de propostas que melloren a actuación en procesos de inclusión social e dar a coñecer experiencias de éxito.

Cun enfoque práctico, o Foro non é un encontro pechado a EAPN España e a EAPN Galicia, senón que ten como principio básico o fomento do traballo en rede xunto ás federacións representativas do Terceiro Sector galego como a Coordinadora Galega de ONGD ou o CERMI Galicia e a organizacións e institucións significativas. A colaboración coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e do Servizo de Participación e Integración Universitaria da USC así o demostra.

A asistencia de persoas voluntarias, moitas de elas en risco de pobreza e exclusión, favorece unha interlocución positiva con poñentes de organizacións sociais, colexios profesionais, universidade ou administracións públicas galegas especializadas na loita contra a pobreza ou na promoción dos servizos sociais e a inclusión activa, así como un mellor coñecemento e implicación do voluntariado nas causas que lles motivan.

Programa provisional

9.15 RECEPCION

9.45 INAUGURACION:

10.00 DIALOGO. **Cómo reclamamos un emprego e unha vida dignas?**

- Sonsoles Mosteiro. Participación e emprego digno nunha sociedade inclusiva.
- Laura Segade. JovEU: a mocidade como motor de transformación social en Europa.

10:45 CONFERENCIA: **Presente e futuro do emprego (decente)**

Judith Carreras García, Consejera da OIT España

11:30 Pausa

11.45 DIALOGO. **Un futuro con emprego en Galicia?**

- Ruben Santamarta. La Voz de Galicia
- Santi Riveiro. El Correo Gallego
- Julio Pérez. Faro de Vigo
- David Lombao ou Marcos Perez Pena. Praza

13.00 DIALOGO. **Mellorando a inclusión laboral**

14.30 Pausa xantar

16:00 **Presentación Consulta Pilar europeo de dereitos Sociais.**

- Sian Jones (EAPN Europa)

16:30 **COMO MELLORAMOS...?** Diálogos simultáneos:

- **Cómo melloramos as iniciativas de Garantía Xuvenil e Emprego Xuvenil?**

Relatora: Grupo Mocidade EAPN Galicia

- David Lafuente. Jefe de Área de la Economía Social y de la RSE en el Ministerio de Empleo y Seguridad Social
- S.X. Emprego. Xunta de Galicia
- Noelia Blanco. Grupo Mocidade EAPN Galicia

- **Cómo melloramos a relación entre Servizos sociais e Emprego? Ou é imposible?**

Relatora: Saray Durán. EAPN Galicia

- Juan Martín. Grupo RISGA EAPN Galicia- Emaus Fundación Social
- Dirección Xeral Inclusión. Xunta de Galicia
- S.X. Emprego. Xunta de Galicia
- Marta Capeáns. Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

- **Cómo melloramos a integración das persoas desempregadas de longa duración no mercado laboral?**

Relator. Enrique Castro. EAPN Galicia-FEAFES

- Xosé Alberte Cea
- S.X. Emprego. Xunta de Galicia
-

- **Cómo melloramos a Formación para o emprego?**

Relatora. Sonia Caldas. EAPN Galicia-Down Galicia

- Consellería Educación. Xunta de Galicia
- David López. Fundación Equipo Humano
- S.X. Emprego. Xunta de Galicia

18:30 FIN XORNADA